

Convocatoria sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial de Ourense para o día 26 de xaneiro de 2024, ás 10.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 o Pleno debe realizar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** do Pleno da Corporación Provincial, nos seguintes termos:

DÍA: 26 de xaneiro de 2024

HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*

LUGAR: Salón de Plenos do Pazo Provincial

* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2024/1R/PLENO PRESIDENCIA

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de decembro de 2023.

2. 2023/11443Q PRESIDENCIA

Renuncia de don Armando Ojea Bouzo (Democracia Ourensana) ao cargo de deputado provincial.

3. 2023/10796J PRESIDENCIA

Renuncia de don José Ignacio Gómez Pérez (Grupo Socialista) ao cargo de deputado provincial.

4. 2023/17705E PRESIDENCIA

Entrada da Deputación Provincial de Ourense no Padroado da Fundación Galicia Europa.

5. 2024/493X PRESIDENCIA

Aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o período 2024-2027.

6. 2024/619K PRESIDENCIA

Delegación na Deputación provincial de Ourense das competencias do Concello de Muíños en materia de recadación executiva do canon ou prezo a satisfacer polo contratista, así como calquera outro tipo de gasto ou consumo que lle corresponda asumir ao contratista en virtude de contrato formalizado con ese concello.

7. 2023/16319Q PRESIDENCIA

Cesión de uso de parcelas localizadas na Lagoa da Antela- Concello de Sandiás á Asociación "GDR Limia - Arnoia" para a execución do proxecto "Aterra".

8. 2023/5428M PRESIDENCIA

Cesión do uso dos inmobles da DPO emprazados en Allariz (Ourense), a favor da Fundación "Ramón González Ferreiro", para destinalos a un Centro de produción, transformación e innovación agrogandeira.

9. 2023/4495S PRESIDENCIA

Ratificación da aprobación do II Plan de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres da Deputación Provincial de Ourense.

10. 2023/11556Z PRESIDENCIA

Aprobación definitiva Ordenanza reguladora do servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais.

11. 2023/11560H PRESIDENCIA

Aprobación definitiva Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo servizo público supramunicipal de recollida e recepción de residuos industriais non perigosos e especiais.

12. 2024/257G PRESIDENCIA

Moción do BNG para a defensa da sanidade pública galega e especialmente en Ourense.

13. 2024/527K PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para garantir unha sanidade pública digna, suficiente e de calidade para toda a veciñanza da provincia de Ourense, independentemente do seu lugar de residencia.

14. 2024/606P PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular para paliar os incumprimentos no 2023 e en xeral na XIV lexislatura do goberno central coa provincia de Ourense no que se refire ao estado das estradas.

15. 2024/628F PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a creación e financiamento de centros de atención a persoas maiores en colaboración cos concellos da provincia de Ourense.

16. ASUNTOS DE URXENCIA.

17. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta da relación de decretos do mes de decembro de 2023.

18. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.